



## EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



DANIEL KEHLMANN

*A fama*

**Novela en nove historias**

Tradución de Patricia Buján  
Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2008, 180 páxinas

P. V. P. 15 € IVE incluído

ISBN 978-84-9865-219-2



## A LECTURA COMO COMPLICIDADE

Dentro da Biblioteca Compostela de Narrativa Europea e en colaboración coa Concellaría de Cultura do Concello de Santiago, Editorial Galaxia publica *A fama (Novela en nove historias)*, o novo libro de Daniel Kehlmann, autor coñecido polos lectores galegos a través da súa anterior novela *A medición do mundo*, tamén publicada nesta mesma colección. Kehlmann é un dos novos escritores alemáns con maior prestixio e éxito internacional. Precisamente ao éxito, e aos seus efectos na conduta das persoas, dedica este libro.

Ironía, sentido do humor e axilidade narrativa son as calidades que salientan na narrativa de Daniel Kehlmann. En *A fama*, o escritor alemán conta nove historias sobre a celebridade, o seu poder de atracción e as súas consecuencias na conduta das persoas. Trátase dun **mosaico narrativo** que ten como pano de fondo a sociedade actual, na que os medios de comunicación mesmo chegan a alterar o real, creando unha realidade paralela.

Un home corrente recibe chamadas telefónicas destinadas a unha celebridade, un actor de cinema dubida da súa propia existencia, un riquísimo escritor de libros de autoaxuda arrenega do que ensina neles e unha muller decide morrer e decátase de que a súa vida non lle pertence, de que é unha ficción inventada por outro. Estas son algunhas das historias que Kehlmann relata e que se van relacionando entre si por detalles, personaxes comúns ou destinos paralelos. O escritor non cesa de sorprenden os lectores nun *divertimento* literario no que a **complicidade** entre lector e escritor é a base dunha idea da literatura como brincadeira.

**DANIEL KEHLMANN** (Múnic, 1975) ten publicadas as novelas *Beerholms Vorstellung* (1997), *Mablers Zeit* (1999), *Ich und Kaminski* (2003), un libro de relatos titulado *Unter der Sonne* (1998) e un libro de ensaios. As súas obras están traducidas a máis dunha ducia de linguas e obtivo con elas varios galardóns, o último deles, o Premio Candide 2005. A súa novela *Ich und Kaminski* converteuse nun grande éxito internacional. Críticos literarios da importancia do alemán Marcel Reich-Ranicki afirman da súa obra: “Recomendo a Daniel Kehlmann sen reservas. Intelixencia, capacidade de observación e fabulosos diálogos”. No ano 2006, Editorial Galaxia publicou a súa novela *A medición do mundo*, que obtivo unha acollida moi favorable tanto da crítica coma dos lectores e lectoras galegos.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Avenida de Madrid 44, baixo. 36204 Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.com